

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	2º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abriu novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo adoitando diferentes roles dentro deste.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzanse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Nesta programación para 2º curso de ESO concrépanse uns obxectivos, contidos e criterios de avaliación articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción", contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica», co que se pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, como do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas», aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 2º curso de ESO, a materia centrarase no traballo, coñecemento e dominio dos principais elementos da linguaxe musical que permitan entender e executar partituras básicas; na escoita, recoñecemento e creación de formas musicais, dancísticas e texturas básicas; asentar os principios técnicos da interpretación instrumental e vocal; comprender e respectar as normas básicas da actuación en público e asistencia a espectáculos musicais e dancísticos; e no coñecemento das tradicións musicais e dancísticas da nosa comunidade así como doutras partes do mundo.

Esta proposta didáctica está pensada para seguir traballando moitos dos contidos non só na unidade na que se presentan por primeira vez, senón para que estes contidos sigan aparecendo nas seguintes unidades e sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos, e imos construindo a sintaxe musical manexando os conceptos previos dos que partimos e construindo sobre estes novas estruturas máis complexas a través do aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio, e de saber

poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través de experiencia podemos comprender o mundo en sí da música, os contidos, o traballo en equipo, de perseveranza, de autonomía e de compromiso cos demais, que supón subirse a un escenario a estrenar un proxecto, e a esa experiencia é a que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Vigo, concretamente o IES Coruxo. Neste instituto, situado en Coruxo, na localidade de Vigo, e con alumnado procedente de diferentes parroquias e estratos sociais, impártense as ensinanzas da ESO, Bacharelatos das ramas Tecnolóxico-Científico e de Humanidades - Ciencias Sociais.

O alumnado do centro procede de diversas parroquias do concello e pertence a diferentes estratos sociais, predominando o nivel socioeconómico medio.

Neste sentido, trátase de adaptar ó currículo a realidade do centro, que se ubica na periferia de Vigo e acude principalmente o alumnado do barrio urbano de Navia e de áreas urbanas da zona oeste do municipio vigués. O Instituto conta con tres grupos de 3ºESO, e a materia de Música é troncal. O alumnado procede principalmente do propio Instituto, xa que cursou os cursos anteriores no IES Coruxo.

A constitución dos grupos de 2º ESO para este curso académico 2023-24 é a seguinte:

- 2ºA: hai dous grupos : un grupo de 15 alumnos que cursan música en inglés, dentro do programa das seccións bilingües; e un segundo grupo non bilingüe de 14 alumnos . En total son 4 horas de música.

- 2ºB: hai dous grupos: un grupo de 18 alumnos que cursan música en inglés, dentro das seccións bilingües; e un segundo grupo non bilingüe . En total, 4 horas de música.

- 2ºC: un grupo non bilingüe de 28 alumnos (2 horas en total).

Paula Veiga Iglesias imparte docencia nos grupos non bilingües de 2ºA e 2ºB, ademais de en 2ºC. Mónica Pérez Cortés imparte docencia no grupos bilingües en inglés de 2ºA e 2ºB.

Por suposto temos en conta á atención á diversidade para planificar esta programación. De xeito xeral, nestes catro grupos, parte do alumnado amosa dificultades na aprendizaxe, como Dislexia, TDAH, TEA,....

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Parámetros do son: ruído, música e silencio.	Unidade introductoria sobre os elementos que conforman a música (duración, altura, intensidade e timbre), coa fin de averiguar, a modo de avaliación diagnóstica, qué contidos interiorizou o alumnado na educación primaria, e amplialos. Os distintos parámetros do son trataranse de xeito máis minucioso nas seguintes unidades. Tamén traballaremos nesta unidade a importancia da escoita activa, e o concepto de contaminación acústica e as súas consecuencias.	5	4	X		
2	Elementos rítmicos e melódicos: duración e altura.	Nesta unidade traballaremos os principais elementos rítmicos e melódicos que conforman a música (compases básicos de subdivisión binaria e ternaria, figuras musicais e signos que alongan ditas figuras, notas en clave de sol en 2ª liña, concepto de intervalo...), sempre desde un punto de vista práctico, sentindo o ritmo a través do corpo, do movemento e da percusión corporal, e analizando as melodías a través da escoita activa mediante actividades de soundpainting ou similares e do uso da voz para entonar ou instrumentos. Partimos de coñecer os sons e as melodías a nivel auditivo. Partimos da práctica para despois comprender os conceptos desde unha perspectiva teórica.	10	8	X		
3	Harmonía: introdución aos acordes básicos.	Dise que a harmonía é a parte máis cerebral que conforma a música. Así como o ritmo se asocia á parte física e corporal máis elemental do ser humano, e a melodía coa parte emocional, porén o concepto de	5	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Harmonía: introdución aos acordes básicos.	<p>harmonía aparece máis adiante na historia da música e é o elemento racional desta. A maioría das melodías que escoita o noso alumnado hoxe en día, adoitan ter textura de melodía acompañada, isto é unha melodía asentada sobre unha base ou sucesión de acordes, por iso é importante que dito alumnado comprenda o concepto de acorde, a formación de acordes básicos, especialmente os tríade maiores e menores, e as funcións tonáis básicas de tónica, dominante e subdominante.</p>	5	4	X		
4	Texturas e formas musicais	<p>Tanto a forma como a textura son dous dos elementos musicais que axudan a poñer orde na música, facilitando así a súa comprensión. A textura é o modo en que combinamos os elementos rítmicos, melódicos e harmónicos nunha composición ou fragmento musical. Nesta unidade traballaremos de xeito xeral os 4 tipos de textura: monodia, polifonía, contrapunto e melodía acompañada e a súa aparición ao longo da historia da música.</p> <p>A forma musical é a estrutura utilizada polos compositores no momento de crear unha obra, coa fin de ordenar os distintos elementos que conforman a música e facer que sexa así comprensible. O concepto de forma comeza coa comprensión dos motivos, frases e semifrases, para diferenciar despois seccións máis longas e procedementos de creación como a repetición e a variación. Clasificamos as principais formas en vocais e instrumentais. Neste curso introduciremos algunhas delas como a forma binaria e ternaria, a forma rondó e algunhas formas da música popular e urbana.</p>	10	8	X		
5	Instrumentos da tradición musical occidental Europea: Timbre I	<p>Nesta unidade aprenderemos as características básicas das familias instrumentais (aerófonos, cordófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos), centrándonos principalmente nos instrumentos da tradición musical occidental Europea e as principais agrupacións desta, así como a súa evolución (tríos, cuartetos, quintetos, a orquestra e a súa evolución na historia), estudando nas unidades seguintes outros instrumentos musicais propios doutras culturas e das músicas populares e urbanas.</p>	10	6		X	
6	A voz: produción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de	<p>A voz humana, e polo tanto o canto, é a forma máis natural e completa de expresión musical. Cada voz é única e</p>	10	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	canto. Timbre II	<p>inimitable, e consegue mover as emocións do ser humano.</p> <p>Nesta unidade aprenderemos como funciona o noso corpo para producir a voz e o canto, así como a clasificación das distintas voces segundo a súa tesitura e as principais agrupacións vocais para as que ao longo da historia, as compositoras e compositores, teñen escrito música.</p> <p>Tamén diferenciaremos técnicas e formas de cantar ao longo da historia da música, desde a voz impostada da ópera ata outras técnicas utilizadas nas músicas populares, no jazz e nas músicas urbanas, sempre a través dun enfoque práctico, co que coñeceremos o noso corpo e as posibilidades da nosa propia voz.</p>	10	6		X	
7	Música e danza en Galicia: desde o tradicional ata a actualidade.	<p>A música e a danza tradicional e popular en Galicia ten peculiaridades que a diferencian das músicas do resto do país e do mundo, por iso compre escoitalas, analízalas e estudalas, xa que son as músicas da nosa contorna.</p> <p>Ademáis, eses rasgos específicos da nosa cultura musical e dancística inflúen e mistúranse na actualidade con outros estilos que están presentes en todo o mundo a través da globalización como a música clásica contemporánea, o jazz, e os estilos urbanos.</p> <p>Así nesta unidade, descubriremos ademáis do noso folclore e tradición, as fusións entre este e outras músicas, coñecendo outros estilos, artistas e agrupacións actuáis que interpretan jazz, rock, pop ... feitos en Galicia.</p>	10	6		X	
8	Música e danzas de España e do mundo	<p>A variedade de músicas que existen no mundo é infinita desde as orixes do ser humano. Índa que as músicas de diferentes lugares parecen moi diferentes ás da nosa contorna, porén, existen certas similitudes básicas entre todas elas, pois todas se basean en patróns rítmicos ou melódicos dalgún tipo. A organización deses elementos é o que as fai diferentes e diversas.</p> <p>Nesta unidade interpretaremos e estudaremos algunhas músicas de diferentes lugares de España e do mundo, coa fin de apreciar as súas características e as similitudes e diferenzas entre todas elas, así como a súa importancia e influencia nas músicas actuais.</p>	10	6		X	
9	A improvisación na música e na danza: improvisación libre e	<p>Improvisar é a arte de crear e executar no momento, de xeito espontáneo seguindo ou</p>	10	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	guiada, introdución ao Jazz.	<p>non unhas pautas.</p> <p>A improvisación é imprescindible na educación para desenvolver a creatividade, as nosas propias ideas partindo do noso mundo musical interiorizado, por iso é preciso traballar distintas técnicas de improvisación desde libre ata directrices establecidas en certos tipos de música. Xa desde a Idade Media a improvisación estaba presente tanto na música relixiosa como secular, e durante o período Renacentista, Barroco e Clásico os intérpretes improvisaban entre outros os adornos das melodías e as cadencias dos concertos. Xa no século XX, o jazz é a música onde a improvisación reina e máis se ten desenvolvido, tanto na parte musical como nas danzas asociadas a este estilo. Nesta unidade traballaremos de xeito práctico a improvisación, comezando pola improvisación libre, ata chegar a directrices guiadas, pasando pola comprensión de cómo se constrúe a improvisación nun estándar de jazz.</p>	10	6			X
10	Música popular urbana, medios de comunicación e cine.	<p>A música popular urbana xorde no século XX, aparecendo despois da II Guerra Mundial primeiro nos Estados Unidos de América e despois difúndese ao resto de Europa masivamente a través dos medios de comunicación como a radio, a televisión e o cine.</p> <p>Nesta unidade pretendemos achegarnos ás principais correntes da música actual, analizando e comprendendo as súas características, e desenvolvendo a capacidade crítica no alumnado coa fin de fomentar un consumo consciente e responsable de música.</p>	10	6			X
11	Música e tecnoloxía: Ferramentas dixitais de edición, recepción e creación.	<p>A finais do século XIX logrouse por primeira vez capturar o son rexistrándoo nun soporte. Desde ese instante, a relación entre música e tecnoloxía ten ido da man ata a actualidade.</p> <p>As novas tecnoloxías da comunicación e da información están presentes en todo o proceso musical, desde a composición á interpretación, pasando pola forma de consumo de música. Sen a tecnoloxía electrónica e os medios de comunicación de masas a música popular urbana e a música no cine serían inconcebibles.</p> <p>A educación musical non pode ser allea a esta relación, por iso é importante formar ao alumnado no uso e manexo consciente das distintas ferramentas tecnolóxicas e</p>	5	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Música e tecnoloxía: Ferramentas dixitais de edición, recepción e creación.	dixitais para a recepción, edición e creación de música, sempre a través da práctica e implicándose na creación de proxectos grupais que plasmen as súas inquedanzas tecnolóxicas.	5	5			X
12	Música en vivo: Son músico e son público	A música está feita principalmente para ser interpretada en público, en vivo e en directo. O traballo dun músico faise principalmente antes do concerto, en todas as horas de ensaios e estudo persoal previas ao concerto. Participar en actividades musicais de montaxe de repertorio coa fin de interpretalo en público, fainos comprender, apreciar e valorar o papel dos músicos na sociedade, e convértenos nun público máis sensible e respectuoso. Por iso, é importante educar ao noso alumnado como público desde a experimentación do traballo de músico, vivindo a emoción e os nervios de subirse a un escenario a interpretar o repertorio preparado.	5	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Parámetros do son: ruído, música e silencio.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, matices e instrumentos para os que está escrita.	TI	100
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quenadas indicadas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler as partituras propostas con corrección, recoñecendo os elementos básicos que conforman os parámetros do son e recoñecendo a súa representación gráfica na música.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.

UD	Título da UD	Duración
2	Elementos rítmicos e melódicos: duración e altura.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar coa destreza esixida neste curso os exercicios e partituras de percusión corporal, movemento, pequena percusión ou lectura traballados durante as sesións desta unidade.	PE	30
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os principais elementos rítmicos e melódicos nas partituras traballadas: compás, figuras musicais, notas musicais, clave de sol en 2ª liña, intervalos, tipos de melodías.	TI	70
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar as producións dos compañeiros e gardar silencio nos momentos nos que os demais estean formulando dúbidas ou executando o seu papel no conxunto, intervindo cando o profesorado o indique.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar con precisión as técnicas instrumentais, vocais ou corporais traballadas nas partituras utilizadas nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - compostos. Signos que modifican a duración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.

UD	Título da UD	Duración
3	Harmonía: introdución aos acordes básicos.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer e explicar nas partituras e obras a executar, os tipos de acordes e funcións tonáis traballados nesta unidade.	PE	40
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar cun vocabulario axeitado as ideas, sentimentos e emocións suxeridos polas obras e exercicios traballados nesta unidade segundo a sucesión e tipos de acordes escoitados.	TI	60
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e recoñecer nas partituras traballadas os tipos de acordes e funcións tonáis estudados nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar vocal ou instrumentalmente con corrección as pezas propostas nesta unidade, con especial atención á afinación dos acordes nas pezas a 3 ou máis voces.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A partitura: identificación e aplicación de graffas convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.

UD	Título da UD	Duración
4	Texturas e formas musicais	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar as diferentes texturas e formas estudadas e encadralas na época histórica axeitada.	PE	60
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as diferenzas entre as formas musicais da música clásica ou culta e as formas musicais da música popular e urbana traballadas nesta unidade.		
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer auditivamente e na lectura das partituras traballadas, os tipos de textura e formas estudados nesta unidade.	TI	40
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

UD	Título da UD	Duración
5	Instrumentos da tradición musical occidental Europea: Timbre I	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os diferentes instrumentos e agrupacións e clasificalos por familias e época correspondente.	PE	40
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as características técnicas específicas dos diferentes instrumentos musicais estudados.		
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresar cun vocabulario axeitado ideas, emocións e opinións sobre os diferentes timbres instrumentais traballados nesta unidade.	TI	60
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar as partituras instrumentais propostas nesta unidade.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Mostrar respecto cara os instrumentos e agrupacións traballados nesta unidade, valorando a súa importancia e influencia nas músicas actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.

UD	Título da UD	Duración
6	A voz: produción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de canto. Timbre II	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os distintos tipos de voz, as distintas agrupacións vocais estudadas e formas de cantar, analizando os aspectos comúns e diferenzas entre elas.	PE	30
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar, cun vocabulario adecuado, a función do canto das distintas agrupacións vocais e formas de colocar a voz segundo o seu contexto histórico e época.	TI	70
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler partituras sinxelas a unha ou dúas voces, para poder interpretalas mediante o canto.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Cantar de forma individual e grupal seguindo as indicacións técnicas e musicais do profesorado.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas vocais propostas nesta unidade, a nivel individual e interpretando o rol indicado no grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.

UD	Título da UD	Duración
7	Música e danza en Galicia: desde o tradicional ata a actualidade.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os rasgos característicos das músicas e danzas da nosa cultura: instrumentos utilizados, tipos de compás, estruturas, tipos de danzas.	PE	40
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Describir as características culturais e sociais das obras propostas do noso patrimonio artístico galego.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas cos elementos estudados nesta unidade, seguindo as pautas dadas polo profesorado.	TI	60
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Valorar e respectar as músicas e danzas do noso patrimonio traballadas e estudadas nesta unidade.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear pezas propias (individuais ou en grupo, musicais ou dancísticas), baseándonos nos elementos propios da cultura musical galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.

UD	Título da UD	Duración
8	Música e danzas de España e do mundo	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Diferenciar as características musicais (instrumentos, ritmo, características melódicas...) das distintas culturas estudadas, asociándoas a cada lugar específico.	PE	40
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Expoñer ideas sobre as músicas e danzas tradicionáis e populares do noso patrimonio e doutras culturas do mundo, recoñecendo a influencia de certos ritmos tradicionais nas músicas actuais.	TI	60
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar instrumental ou vocalmente con corrección, de maneira individual e grupal, as pezas propostas nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía.

UD	Título da UD	Duración
9	A improvisación na música e na danza: improvisación libre e guiada, introdución ao Jazz.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activamente, achegando ideas propias e con respecto cara as suestións dos demais, nas actividades de improvisación musical e dancísticas propostas nesta unidade.	PE	25
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresar ideas propias, sentimentos e emocións nas actividades de improvisación propostas nesta unidade, investigando con mentalidade aberta as propias posibilidades e recursos improvisatorios.	TI	75
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio, no que se inclúan fragmentos improvisados, seguindo as técnicas propostas polo profesorado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

UD	Título da UD	Duración
10	Música popular urbana, medios de comunicación e cine.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Describir as principais características das músicas urbanas, así como a función da música no cine e medios de comunicación.	PE	20
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica que permita executar instrumental, vocal ou corporalmente as músicas traballadas nesta unidade.	TI	80
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Participar na planificación e creación de propostas artístico-musicais grupais desenvolvidas nesta unidade.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar con corrección as músicas propostas nesta unidade.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio, no que se inclúan pezas de música urbana ou cinematográfica, seguindo as directrices propostas polo profesorado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear ou interpretar unha peza musical ou dancística con elementos propios da cultura musical galega, e propoñer o seu uso para unha escena cinematográfica ou anuncio de radio ou televisión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados. - O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
11	Música e tecnoloxía: Ferramentas dixitais de edición, recepción e creación.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Coñecer e utilizar diferentes soportes audiovisuais para escoitar, visualizar e analizar diferentes partituras e pezas musicais e dancísticas.	TI	100
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Coñecer e manexar as ferramentas dixitais de edición, creación e secuenciación de partituras traballadas nesta unidade.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Crear un proxecto musical, individual ou grupal, seguindo as pautas dadas polo profesorado, no que se utilicen medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras.

Contidos

- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
12	Música en vivo: Son músico e son público	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler con corrección as partituras que conforman o repertorio a interpretar nesta unidade.	TI	100
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica necesaria instrumental, vocal e corporal estudada ao longo do curso para preparar o repertorio traballado nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas musicais e dancísticas propostas nesta unidade, tanto na clase como en público, xestionando o medo escénico e mantendo a concentración e respecto cara aos demais.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Participar na planificación e creación da proposta escénico-artística ideada para esta unidade.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar con corrección, na clase e en público repertorio das diferentes culturas musicais estudadas.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Participar na creación de medios audiovisuais que acompañen o repertorio proposto nesta unidade, e axudar a xestionar a organización das actuacións en vivo con dito repertorio.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear composicións musicais ou dancísticas con elementos propios da cultura galega, para interpretalos en vivo co resto do repertorio proposto nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.
- As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación.
- A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As unidades didácticas propostas nesta programación están pensadas nalgúns casos para interrelacionarse, de xeito que a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo, é dicir, á vez que traballamos por exemplo a unidade sobre música popular urbana e medios de comunicación, podemos engadir contidos doutras unidades como música e tecnoloxía ou preparando ao alumnado para actuar en público, contidos da unidade música en vivo, co propio repertorio traballado sobre músicas urbanas.

Tamén cabe dicir que en música, os contidos son acumulativos, é dicir, presentamos o traballo sobre ritmo por primeira vez na unidade 2, pero ese traballo de lectura de figuras musicais e compases continuará facéndose ao longo do curso a través do repertorio instrumental, vocal ou corporal das demais unidades, e así ocorre sucesivamente co resto dos contidos presentados.

Ademais do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

Ademais, engadimos os seguintes criterios metodolóxicos máis concretos:

- Aproximación progresiva á análise crítica.
 - Discriminación e ordenación na percepción auditiva dos parámetros do son e dos elementos da música. Práctica da linguaxe musical.
 - Creación e composición musical dando gran importancia á improvisación musical.
 - Facilitar o deseño, planificación e realización de actividades de aprendizaxe nas que se utilicen elementos propios doutras áreas (Educación Plástica, Tecnoloxía, Linguaxes,...)
 - Crearanse situacións de participación e comunicación, improvisación vocal, instrumental, de movemento, exposición de ideas, experiencias e sentimentos que faciliten e promovan as aportacións individuais e de grupo. Ademais traballarase a coordinación, lateralidade e percepción espazo-temporal.
 - Ambiente de confianza que favoreza a actitude de participación activa; valoración do traballo persoal e dos demais; axuda e cooperación ; búsqueda e exploración; desinhibición.
 - Realización de gravacións, utilización de montaxes audiovisuais, actividades de expresión instrumental,... todo isto existirá o desenvolvemento de actitudes do correcto uso, coidado e mantemento de aparellos de uso individual e colectivo; procedementos de organización, arquivo e clasificación e a combinación de tempos e espazos compartidos.
 - Empregar estratexias metodolóxicas que estimulen o ritmo de aprendizaxe de cada persoa , tendo en conta a súa actitude e interese. Adaptando o currículo da área segundo as circunstancias que atopamos na clase.
 - Darase a oportunidade para que os alumnos/as poñan en práctica os novos coñecementos; que poidan facer unha análise dos avances que se producen e contrastar ideas cos demais, modificando e reelaborando os esquemas propios na aprendizaxe.
 - Proponer a asistencia como espectadores a concertos, ballets, coreografías,...
 - Preparar e participar en actividades como concertos, representacións,... como intérpretes.
- A metodoloxía debe atender tamén á creatividade, con inclusión de actividades que estimulen o pensamento, e fomenta a socialización ou traballo en grupo.

Canto ó enfoque metodolóxico para os dous grupos bilingües en inglés , é o seguinte:

A idea fundamental é o uso gradual da lingua inglesa na clase. Inicialmente utilizaranse instrucións sinxelas e habituais na asignatura. Pouco a pouco pasarase ao uso de estruturas máis complexas e longas.

Algo importante é lograr que desde un principio se vexa como natural o uso do inglés na aula para que eles tamén se animen a falar (iniciándose con estruturas breves e pechadas). Romper o medo a equivocarse será un indicio de que se producen avances.

En calquera caso, o uso da lingua propia (galego ou castelán) poderá usarse cando as circunstancias así o requiran, pero coa idea de reduci-lo progresivamente, tanto na comunicación profesor-alumno como entre o propio alumnado.

O vocabulario da aula e o propio da materia pretenden aprenderse polo seu uso. O uso de material escrito e gráfico incorporárase desde o principio como referencia do que se fala na clase. O principio de cada tema, facilitaráselle ó alumnado un glosario coa relación de termos específicos desa unidade.

Reseñar que neste curso 2023-4 non contaremos coa presenza dun asistente lingüístico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Recursos impresos: Libro de texto, caderno de pentagramas, partituras, láminas, dicionarios,..
2. Recursos audiovisuais: equipo de son, discografía, Dvds,...
3. Recursos informáticos: portátil, canón.
4. Outros recursos: instrumentos musicais, encerado pautado, atriles,...

Os recursos que empregamos nas clases de Música son variados e amplos. Partindo dos recursos impresos, como o libro de texto (Duetto II Música, Teide), o caderno de pentagramas, un repertorio de partituras para analizar, escoitar ou interpretar. Así como láminas explicativas nas paredes da aula. Tamén hai que destacar os recursos informáticos como o portátil e o canón. Reseñar, que o profesor tamén emprega o libro dixital. Como material audiovisual, salientar un equipo de son, e unha amplísima discografía . Ademais do comentado, podemos engadir outros recursos: colección de instrumentos musicais, de percusión Orff, teclados, batería, boomwhackers,.... Así como un encerado pautado, e atriles.

Ademais destacar o uso continuado da Aula virtual, para tarefas, traballos, xogos,.....

Salientar, que os dous grupos bilingües en inglés non teñen libro de texto , se non que o profesor facilítalles os apuntes en inglés relacionados cos contidos a traballar para este curso. Como apoio ás unidades didácticas, contamos no departamento coas seguintes fontes bibliográficas en inglés:

GSCE Music-The Revision Guide- Elena Delaney Edit. CGP Group Publications.

General Musicianship- Roy Bennett- Edit. Cambridge University Press. First Assignments in music- David Tutt- Edit. Cambridge University Press. Form and Design- Roy Bennett- Edit. Cambridge University Press.

Music Matters- C. Hiscock/M. Metcalfe- Edit. Heinemann.

Instruments of the orchestra- Roy Bennett- Edit. Cambridge Univ. Press. Dictionary of music- Roy Bennett- Edit. Cambridge University Press. Enjoying music- Roy Bennett- Edit. Cambridge University Press.

GSCE Music. AQA. Study Guide - Richard Knight. Rhinegold Education. GSCE Music. Edexcel. Study Guide - Paul Terry. Rhinegold Education. Music History. The complete Idiot's Guide. Michael Miller. Alpha Editions. World Music Drumming- Will Schmid. Hal Leonard Corporation.

A Student's Guide to GSCE Music- David Bowman et al. Rhinegold Publishing Ltd. History of Music- Roy Bennett. Cambridge University Press.

Uncovering CLIL- Peter Mehisto et al. Macmillan Books for Teachers.

Together in Rhythm. A Facilitator's Guide to Drum Circle Music-Kalani. Alfred Editions. Teaching other subjects through English- Sheelagh Deller. Oxford University Press.

Music Fun 101 - Alfred Music

Music puzzles plus - Alfred Music

Ready to read music- Alfred Music

Scaffolding techniques for languages, teaching and learning (CLIL)- Donna Fields

Ademais, para estes alumnos bilingües, serán consultadas páxinas web na rede como:

<https://artlejandra2.wixsite.com/theory>

<https://www.mariajesusmusica.com/inicio/interesantes-recursos-musicales-interactivos-en-ingles>

<https://makingmusicfun.net/>

<https://www.tes.com/teaching-resources>

<https://musicfun.net.au/>

<https://www.liveworksheets.com/worksheets>

<https://www.educacionrespuntocero.com/recursos/paginas-web-recursos-musicales-ingles/>

<https://wordwall.net/en-ua/community/teachers>

<https://quizizz.com/admin/my-library/createdByMe>

<https://muted.io/>

<https://cocomusic.es/xilofono-online/>

<https://listenplaycreate.wordpress.com/>

<https://didacmusic.com/const2/03catchthenotes/game.html>

<https://www.score-on-line.com/solfege/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial neste 2º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos que o alumnado aprendeu e lembra da etapa da educación primaria, xa que no 1º curso de ESO a asignatura de música non está contemplada na comunidade autónoma de Galicia.

Para dita avaliación inicial utilizaremos a primeira unidade onde facemos un repaso dos parámetros do son e como se representan estes na partitura. Moitas destas cuestións de escritura e linguaxe musical son as que se traballan na educación primaria.

Para dita avaliación inicial presentaremos unha pequena partitura onde o alumnado terá que nomear os símbolos que

aparecen nela, así como lela e interpretala coa frauta ou instrumentos de praca.

O profesorado disporá dunha táboa para tomar notas de cada alumna e alumno interpretando a parte instrumental, onde se recollerán items como: a continuidade no pulso, calidade do son, interpretación das figuras musicais, interpretación das notas musicais, interpretación dos matices.

Para comprobar o coñecemento dos signos musicais, na propia partitura que se lles entrega terán que sinalar e nomear os elementos indicados e entregala.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza, o manexo da tecnoloxía, o coñecemento dos instrumentos ou a voz teranse que ir comprobando ao inicio das sucesivas unidades didácticas ao longo do curso, por iso cada unidade sempre comeza cunha actividade introductoria de coñecementos previos sobre os contidos a tratar.

A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	5	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	0	30	40	60	40	30	40	40	25	20
Táboa de indicadores	100	70	60	40	60	70	60	60	75	80

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	100
Proba escrita	0	0	30
Táboa de indicadores	100	100	70

Criterios de cualificación:

Para a cualificación en cada avaliación se fará unha media ponderada de todas as cualificacións obtidas nos seguintes apartados:

1. Probas obxectivas de práctica rítmica e/ou melódica, tanto instrumental como vocal; probas obxectivas escritas de contidos teóricos e audición musical. Poderán realizarse probas tipo test, probas de pregunta corta, de resposta múltiple, probas que inclúan o manexo de ferramentas informáticas (programas de edición e creación musical audiovisual, participación nun blog, etc e traballos de avaliación considerados de suma importancia debido ós seus contidos . Estes tres bloques suporán un 70% sobre a calificación.

2. Traballo puntuable diario na clase ou a realizar na casa (tarefas do libro, tarefas de breve investigación, exercicios, etc) ; regularidade no traballo na clase e na casa; voluntariedade; traballos de investigación e síntese utilizando formatos analóxicos e dixitais, exposicións e presentación de traballos encomendados orais e/ou escritos tanto individuais ou colectivos; utilización regular/ axeitada do material didáctico (incluíndo o caderno de clase e os

instrumentos musicais); o cuidado na expresión oral e escrita; a actitude na aula, a actitude positiva fronte á materia, o respecto ás normas de convivencia na aula e no centro educativo, o esforzo por superar as limitacións propias, o espírito cooperativo nas actividades desenvolvidas na aula, a participación nas actividades musicais organizadas na aula e no centro, a asistencia a concertos ou outras saídas didácticas fóra do centro convocadas polo Departamento, e outras actividades similares propostas.: 30 % sobre a cualificación.

O alumnado saberá con antelación a importancia que ten cada traballo a presentar e como se cualificará. Realizarán obrigatoriamente actividades pertencentes a todos os bloques de contidos manifestados con anterioridade na programación.

Calquera proba, traballo ou caderno non entregados dentro do prazo establecido, considerarase cunha cualificación de cero puntos.

Poderá esixirse unha puntuación mínima determinada de cada parte que dará a opción a poder valorar ó resto (para poder así realizar a media), neste caso tres puntos (sobre 10).

A ausencia do alumno/a á realización das probas obxectivas non xustificada documentalmente conlevará a non superación da materia e a obtención da cualificación de SUSPENSO na devandita proba. A repetición do exame ao que non se asista neste suposto non procederá en ningún caso.

Se se ten en conta que a materia de música é de contidos progresivos especialmente na práctica instrumental, supónse que o alumno que obteña resultados satisfactorios na 2ª e/ou na 3ª avaliación, ten resoltas e superadas as dificultades das avaliación anteriores, o que conleva que a superación da 2ª avaliación supón a superación da 1ª no aspecto práctico instrumental ou vocal, aínda que poderán facerse probas de recuperación dos contidos teóricos se así o estimase oportuno o profesorado do Departamento.

Poderá considerarse avaliable a participación nunha actividade extraescolar: tanto a asistencia, como a interpretación. Inclúese neste apartado as actividades publicadas no IES.

A cualificación final na convocatoria de Xuño obterase da media aritmética das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións.

O sistema de cualificación será o seguinte: Insuficiente (1-4); Suficiente (5); Ben (6); Notable (7-8) e Sobresaliente (9-10).

No caso de que un/unha alumno/a non se presente a algunha das probas,- sen que sexa debidamente xustificada dita ausencia-, ou se negue a realizar algunha das probas obxectivas propostas ao longo das 3 avaliacións do presente curso académico, este feito suporá a non superación da avaliación, obtendo a cualificación de INSUFICIENTE. Este criterio será aplicado tanto nas avaliacións parciais/trimestrais como na avaliación final (finais Xuño).

Poderá considerarse avaliable a participación nunha actividade extraescolar: tanto a asistencia, como a interpretación. Inclúese neste apartado as actividades publicadas no IES.

Criterios de recuperación:

O profesorado poderá, se o estima axeitado, realizar probas de recuperación de índole teórico ou práctico das diferentes avaliacións

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado poderá optar por superar as materias pendentes de xeito parcial ao longo do curso ou ben realizando unha proba global de contidos e práctica musical no mes de maio ou xuño. A profesora encargada do seu seguimento (unha das que están a impartir a materia no nivel) asignaralle o plan de traballo seguindo as propostas que se plantexan nesta Programación Didáctica.

O alumnado da ESO será convocado a reunións informativas ó comezo de cada avaliación/trimestre, nas que se lles darán as pautas e lles serán asignadas as tarefas a realizar por cada avaliación. Para calquera aclaración ou resolución de dúbidas que se lle poidan presentar aos alumnos ou alumnas coa materia pendente, poderán dirixirse en todo momento ao profesorado da materia.

O alumnado que teña a materia de Música pendente de cursos anteriores deberá realizar probas escritas e/ ou de práctica instrumental, unha por trimestre ao longo do presente curso académico.

A realización de todas as probas sinaladas e a dos traballos encomendados será obrigatoria para todos o alumnado

coa materia pendente, se queren superar por parciais a materia.

En ditas probas o alumnado que ten a materia pendente de cursos anteriores deberá acreditar a súa suficiencia na materia. O contido específico das probas será deseñado polo profesorado do Departamento e conterá- en calquera caso- os mesmos contidos mínimos que se fixan nesta programación para o nivel de estudos correspondente.

O/a alumno/a que non realice algunha das probas trimestrais, realizará unha proba global única no mes de maio ou xuño, e de non superala nesa convocatoria, terá que presentarse na convocatoria final de Xuño.

CONTIDOS DAS PROBAS PARA O ALUMNADO COA MATERIA DE MÚSICA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

- 1º Trimestre/Avaliación: Elaboración dun traballo manuscrito .

Cunha extensión de entre catro e seis folios sobre un tema incluído na programación do curso que o alumno ten suspenso

.Para o desenvolvemento de dito traballo o alumnado poderá manexar cantas fontes (libros de texto, manuais, Internet, etc...) considere necesarias e, en calquera caso, deberá citar a bibliografía consultada. Pódense así mesmo utilizar ilustracións (fotos e debuxos de instrumentos, por exemplo, así como inserir vídeos explicativos do tema elixido).

- 2º trimestre/Avaliación: Proba de interpretación instrumental coa frauta doce e/ou outros instrumentos musicais

O/a alumno/a deberá interpretar coa frauta doce , instrumento de láminas, teclados, ou outro instrumento musical, unha peza musical seleccionada ao chou das contidas nos libros de texto que rexiron no curso do que teñen a materia pendente e das que foran estudadas no curso anterior.

- 3º trimestre/Avaliación Ordinaria : Proba escrita, tipo test, con preguntas de resposta múltiple sobre os contidos teóricos e léxico especificamente musical do temario do libro de texto, que incluírá tamén preguntas sobre audicións feitas na clase e aquelas tamén recollidas nos discos compactos que acompañan aos libros de texto.

A valoración (en porcentaxes) para a superación da materia pendente é a seguinte:

- Traballo manuscrito: 50% da cualificación final.

- Proba de interpretación coa frauta doce: 25 % da cualificación final.

- Proba tipo test de contidos teóricos, léxico e audicións musicais: 25% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

É un obxectivo primordial da ESO ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado, que presenta unha pluralidade de intereses, necesidades, diferentes formacións musicais. Así, nesta materia, é habitual atopar alumnos dotados de coñecementos musicais superiores ó resto da clase, xa que son estudantes de conservatorios ou escolas de música. Pero tamén é habitual a existencia dalgún alumno/a que presenta algunhas carencias que lles impide seguir o ritmo de aprendizaxe do resto dos seus compañeiros.

A diversidade de intereses, o diferente grado de asimilación de contidos teórico-prácticos, as variadas aptitudes, están latentes no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Trátase de conseguir a interacción e intercambio entre o alumnado; que sexan capaces de aceptarse e aceptar aos demais e que poidan ter entre todos respecto e confianza.

Co traballo de cooperación poderán coordinar e colaborar nas actividades de canto, grupos instrumentáis, coreografías e danzas; son actividades nas que hai que chegar a acordos e hai que ter en conta aos demais para conseguir un resultado final aceptable. Ademais nas actividades haberá diferentes graos de realización para evitar a discriminación na consecución de logros, polo que é preciso ser flexibles. Axustarase o currículo segundo sexa preciso para chegar aos mínimos; tamén incluíndo actividades de ampliación e investigación para o alumnado que supere o nivel esixido.

As características peculiares da área de Música, o tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten o reparto por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno en particular. Así, partindo da primeira avaliación diagnóstica e da coavaliación do alumno, axudará a construír as aprendizaxes de xeito individualizado, pero motivando ao alumnado nas súas tarefas e traballando a prol da integración de todos os rapaces e rapazas. Deste xeito, para garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas, se sinalan as seguintes estratexias:

*Para alumnos con dificultades de aprendizaxe:

- Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.

- Realizar adaptacións curriculares que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.

- Modificar os obxectivos e criterios de avaliación en función das devanditas adaptacións curriculares.
- Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
- Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
- Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
- Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

* Para alumnos con altas capacidades intelectuais:

- Facilitar actividades de ampliación.

De cara á avaliación dos alumnos con Necesidades Específicas, deberáse adaptar as probas escritas, aumentando o tamaño da letra, deixando máis espazo entre as preguntas; e simplificando as cuestións, empregando un tipo de preguntas de resposta simple, ou múltiple resposta; exercicios de tipo asociativo, etc. Ademais disto, o alumnado deberá ter a posibilidade de ter máis tempo para realizar as probas escritas, se así o precisase.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X			X	X	X		
ET.2 - Creatividade		X				X		
ET.3 - Autonomía		X	X			X		
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X				X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X		X		X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico		X			X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores		X	X			X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X			X				
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora				
ET.2 - Creatividade	X	X	X	
ET.3 - Autonomía	X		X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X		X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X		
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X		
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X		X
ET.8 - Expresión oral e escrita				
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual			X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente nas unidades 1, 4, 5 e 6 a través dos textos para aprender os contidos teóricos. - Creatividade: traballarase nas unidades 2, 6, 9, 10 e 11 a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación... - Autonomía: traballarase nas unidades 2, 3, 6, 11 e 12 a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal. - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: unidades 2, 6, 7, 8, 9, 10, 12. Actividades que implican creación de proxectos grupais. - Igualdade entre sexos: unidades 2, 4, 6, 7, 8, 9 e 10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas. - Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable. - Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Unidades 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10 e 12. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto. - Expresión oral e escrita: unidades 1 e 4. A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc. - Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 11 e 12 a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto final de curso	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público en Nadal ou a final de curso, buscando outro centro de referencia para facer unha actuación conxunta nalgún auditorio da zona.			X
Participación activa no obradoiro Ecopercusión	Obradoiro para traballar o aspecto rítmico, empregando material de refugallo		X	

Observacións:

Nestas dúas actividades, o alumnado será o principal protagonista das mesmas, xa que , non só actuará como oínte das pezas musicais a interpretar, se nón como intérprete das mesmas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado
Mal ou Non acadado
Regular ou Mellorable
Metodoloxía empregada
Ben ou acadado
Mal ou non acadado
Regular ou mellorable
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ben ou acadado
Mal ou non acadado
Regular ou mellorable
Medidas de atención á diversidade
Ben ou acadado
Mal ou non acadado
Regular ou mellorable
Clima de traballo na aula
Ben ou acadado
Mal ou non acadado
Regular ou mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumna e alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TICs, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados